

Un seminario percorrerá os espazos nos que tivo actividade a partida da guerrilla antifranquista liderada polo *Gardarríos*

FRANCISCO MARTÍNEZ, *QUICO*, UN DOS ÚLTIMOS GUERRILLEIROS, SERÁ O INVITADO DE EXCEPCIÓN DO VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

- O VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA: “O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA. O *GARDARRÍOS*”, terá lugar nos concellos de Rianxo, Ourense, O Vicedo, Viveiro, Lourenzá e Mondoñedo, os próximos 8, 9 e 10 de maio.
- O Seminario está organizado polos DEPARTAMENTOS DE CIENCIAS SOCIAIS DO IES “FÉLIX MURIEL” de Rianxo e do IES MELIDE, e polo Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA. Conta tamén coa colaboración do INSTITUTO GALEGO DE HISTORIA.
- O *Gardarríos*, Luís Trigo Chao, mantivo á fronte da súa partida unha intensa actividade pola Mariña, ata a súa morte en Lourenzá en 1948.
- A actividade principal do Seminario, especialmente centrado este ano no exilio e no papel da muller, consistirá no percorrido por algúns dos espazos onde a partida do *Gardarríos* foi especialmente activa, pero inclúense tamén no programa o visionado de películas e documentais, así como un total de catro conferencias plenarias, con presenza de destacados especialistas.
- Francisco Martínez, *Quico*, guerrilleiro que formou parte da partida do mítico *Girón*, acompañará outros coñecidos especialistas na Memoria nun percorrido que durará dous días e medio.

Melide-Rianxo, 4 de maio de 2015

FRANCISCO MARTÍNEZ (QUICO), un dos últimos guerrilleiros vivos, estará presente activamente no **VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA: O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA. O *GARDARRÍOS***, que se celebrará en Rianxo e na comarca da Mariña os días 8, 9 e 10 de maio.

Quico participou activamente nas actividades guerrilleiras, dacadalo entre Galicia e León, desde os 17 anos, e conserva na actualidade unha lucidez e axilidade física extraordinarias que lle permiten seguir sendo unha testemuña de primeira man, absolutamente fundamental para o coñecemento e a análise do papel da guerrilla na loita contra a ditadura.

Quico, que actualmente reside en Alacant e é autor, entre outras, da obra *Guerrillero contra Franco, guerrillero contra el olvido*, aceptou, igual que en anos anteriores, a invitación formulada pola organización para participar activamente no desenvolvemento do Seminario, tanto na súa parte teórica como –o cal non é menos significativo– no percorrido polos espazos onde a partida guerrilleira do *Gardarríos* foi especialmente activa nos concellos de Rianxo, Ourense,

O Vicedo, Viveiro, Lourenz e Mondoedo.

Lus Trigo Chao, nacido en Cabanas – Oourol, emigrou moi novo a Cuba, onde traballou na hostalera e nunha fbrica de mobles. Despois marchou  Arxentina, regresando a Mondoedo en 1921 como gardarros. Foi presidente da Agrupacin Socialista de Mondoedo. Ao producirse a sublevacin do 18 de xullo fuxiu ao monte, permanecendo agochado nas casas dos amigos. A sa actividade guerrilleira comezou en 1939, desenvolvndose no norte da provincia de Lugo e mantendo contacto cos membros do *Grupo Neira*. Actuou case sempre en solitario e nalgunhas accins acompaado de Roberto Alonso Daz . Morreu a mans dunha contrapartida en Vilanova de Lourenz o 25 de xuo de 1948.

O Seminario conta con certificacin oficial por parte da Consellera de Educacin, e est organizada polos Departamentos de Ciencias Sociais do IES “Flix Muriel” de Rianxo e do IES Melide, e polo Movemento de Renovacin Pedaggica **Nova Escola Galega**, coa colaboracin do **Instituto Galego de Historia**. No Seminario intervirn os especialistas na resistencia antifranquista **Odette Martnez Maler, Bernardo Maiz Vzquez, Carlos Nuevo Cal, Manuel Pazos Gmez e Manuel Gonzlez Pieiro**. Se as circunstancias o permiten, agrdase contar tamn coa presenza de **Xos Neira Vilas**, que impartir, xunto a Quico, unha conferencia sobre o papel do exilio na loita antifranquista.

O Seminario contar, tamn, coa presenza activa de Fernanda Cedrn, neta do **Gardarros**, e de Vctor Garca, fillo do **Brasileo**.

Na pgina oficial de **Nova Escola Galega** pode consultarse o **programa** en detalle da actividade.

Pode accederse a mais informacin clicando nas palabras e expresins destacadas deste comunicado. Agradecemos a divulgacin da actividade.

Achgase o cartel anunciador do Seminario.

Atte,

Contactos coa organizacin:
Nova Escola Galega
neg@mun-do-r.com
www.nova-escola-galega.org